


Benvidos ao curso 20-21

Resumo do funcionamento e
normas no IES Val Miñor
durante este ano



Normas básicas

**O USO DE MÁSCARA É
OBRIGATORIO**

**DEBEREMOS
DESINFECTAR AS MANS**

Ao entrar ao centro, ao quitar a máscara para comer, ao usar algún material que sexa compartido, etc.

**TEREMOS QUE MANTER
1,5 DE DISTANCIA
PERSONAL EN TODO
MOMENTO**

**DEBEREMOS SEGUIR AS
INDICACIÓNS SOBRE A
VENTILACIÓN DOS
ESPAZOS INTERIORES**

Os primeiros días de clase

Comezo de curso

Seguindo a normativa establecida, o comezo de curso será o día 23 para os niveis 1º e 2º de ESO e para 1º de Bacharelato

O día 23

O día 23 darán comezo as presentacións ás 11:30, nunha orde pautada para cada un dos tres niveis que comezan ese día.

A partir do 24, o alumnado entrará ao centro ás 8:30, e os cursos que comezan terán unha presentación inicial

O curso cero (programa de acollida)

Curso 0

Este ano, o curso cero, que levamos anos poñendo en práctica, foi deseñado para todos os cursos, e estará baseado no que a normativa indica como o programa de acollida que debemos impartir nos primeiros días.

Consistirá nunha explicación da normativa do centro, das medidas sanitarias e hixiénicas que incluimos no noso plan de adaptación, na explicación básica do manexo de ferramentas dixitais de teledocencia e no apoio emocional aos grupos.

Botemos, antes de nada, un vistazo á páxina de medidas sanitarias da Consellería:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/medidas-coronavirus>

Segundo establece, se temos algún dos seguintes síntomas:

01

02

03

Febre superior a

Tose seca

Dificultade

37,5

respiratoria

non acudiremos ao centro escolar (avisaremos da circunstancia e chamaremos ao noso centro de saúde)

Polo tanto, que facemos ante algún dos síntomas compatibles coa COVID?

Se temos algún dos síntomas respiratorios asociados á COVID (febre maior superior a 37,5º, tose seca ou dificultade respiratoria), non viremos ao centro.

Comunicaremos a situación a algún membro do equipo COVID e chamaremos ao noso centro de saúde para notificar a situación. Tampouco o faremos se somos contactos estreitos dunha persoa que teña a enfermidade, que manifeste os síntomas ou se estamos á espera dunha PCR

ORGANIZACIÓN DO CENTRO





Reorganizamos as aulas para que poidamos manter a distancia de seguridade establecida desde finais de agosto.

Nos casos nos que non foi posible chegar ao aforo máximo, botamos man de desdobres. Cando iso non foi suficiente, botamos man de mamparas de protección que evitan puntualmente a necesidade de manter a distancia de 1,5 metros. Deste xeito, mantivemos todas as optativas que se ofreceron e conseguimos ter grupos cunha ratio aceptable.



Entrada ao centro

Haberá dúas entradas ao centro dispoñibles para todo o persoal e alumnado:

- O portalón de entrada ao que accede o alumnado que chega en autobús
- O acceso peonil da rúa Paradellas (neste caso non accederán directamente pola porta principal, senón que pasarán polo campo de bolos celtas e pasarán ao patio cuberto, onde se unirán ao carril de entrada)

O alumnado seguirá un carril establecido, gardando a distancia, e accederá ao interior en canto chegue. Subirá á súa aula, logo de facer a desinfección de mans con verificación do persoal do centro. O centro poderá tomar a temperatura ao alumnado na entrada.



Declaración responsable

As familias deberán asinar unha declaración responsable, que poden descargar na páxina mencionada ao comezo, e que se dará tamén ao alumnado no primeiro día, segundo a que se comprometen a facer a autoenquisa que o protocolo establece (e que inclúe no texto que poden consultar nese mesmo enlace).

Saída do centro

A saída do centro será escalonada e para iso flexibilizaremos o horario da última hora, tal como recolle a normativa. Ás 14:05, un aviso sonoro indicará que debe baixar o alumnado do segundo andar, seguindo as indicacións de circulación que se lle trasladarán. Ás 14:10, outro aviso sonoro indicará que debe saír o alumnado do primeiro andar e da planta baixa.

OS RECREOS

Este ano teremos dous recreos de 20 minutos cada un, e o alumnado será dividido en dous grupos. Un grupo baixará ao patio nun dos recreos, mentres o outro quedará na aula. No seguinte recreo invertiremos a selección. Nunha quenda estarán os grupos que teñen a aula de referencia no segundo andar, ao que se unirán dous grupos do primeiro andar, aqueles que están situados xunto aos baños. Na outra estará o resto dos grupos do primeiro andar. Haberá profesorado vixiando os corredores dos grupos que fagan o recreo na aula, e o alumnado deberá permanecer sentado, agás que precise ir ao baño. As aulas serán ventiladas.

Manteremos esta distribución dos recreos os días de choiva, habilitando o patio cuberto, o ximnasio e a sala de usos múltiples. Só se poderá comer fóra, aumentando, ao facelo, a distancia de seguridade, pois estaremos sen máscara



A CIRCULACIÓN NO CENTRO





Haberá dous carriles de circulación nos corredores, nos que usaremos o da nosa dereita. Unha das escaleiras será só de subida e a outra só de baixada. Na circulación polo centro tamén debemos manter a distancia de seguridade. Os espazos de uso colectivo teñen un aforo máximo. No caso dos aseos, o número máximo será de dúas persoas. No caso de estar ocupado, deberán agardar nunha fila, respectando a distancia de seguridade, que estará sinalizada mediante puntos no chan. O mesmo sucederá na conserxería, onde haberá unha banda que delimite o carril de entrada e o de saída. A fila para a conserxería estará xunto á parede, na dirección da sala do profesorado. O alumnado fará a desinfección de mans ao entrar.



LIMPEZA DO CENTRO

Todas as medidas que debemos poñer en marcha este curso implican, por parte de todos os integrantes da nosa comunidade educativa, unha especial atención ao coidado e á limpeza do espazo que usamos.

Teremos en conta a necesidade de desinfectar o material que vaia ser compartido, antes e despois do seu uso.

Todas as aulas dispoñen de papeleiras de pedal e de dotación de panos e de xel hidroalcohólico.

Os baños e as zonas de maior uso serán limpadas varias veces ao día.





A RELACIÓN COAS FAMILIAS

A relación das titoras e titores coas familias será preferentemente a través de medios telemáticos (principalmente, a través de correo electrónico).

Os outros medios de comunicación habitual serán a nosa páxina web, a aplicación abalarMobil, de carácter oficial, e o correo corporativo do centro: ies.val.minor@edu.xunta.gal

MIRAMOS CARA ADIANTE

A pesar do difícil que está sendo adaptar o centro a esta situación (a organización definitiva do curso sufriu un cambio extraordinario tras o cambio de criterio que coñecemos o último día de agosto, o que obrigou a refacer toda a disposición das aulas, a distribución de materias e espazos, etc.; de feito, non foi ata este pasado venres 18 de setembro cando coñecemos o número definitivo de profesorado co que contaremos), non nos resignamos a quedarnos neste presente tan illado e enmascarado.

O IES Val Miñor comezará este curso a súa andadura en dúas iniciativas prometedoras que veñen a unirse a outras nas que xa participamos. Serán o traballo a través de proxectos, no que estarán involucradas todas as materias de 1º de ESO, e o bacharelato Stembach, que se extenderá durante os dous anos do bacharelato, e no que o alumnado participante elaborará un proxecto de investigación titorizado por profesorado universitario e do noso centro.

A pesar das dificultades, traballamos moi duro durante este verán para que o contexto diario do noso alumnado e profesorado sexa o máis seguro posible.

A responsabilidade debe ser de todos e confiamos en que todos responderemos con madurez.

Ánimo a todas as familias da nosa comunidade educativa!